

Biblioteca e familias

“As familias poden participar a través de diversas medios na realización de actividades de dinamización lectora (hora do conto, lecturas compartidas, clubs de lectura, faladoiros literarios...), poden colaborar na casa, lendo e compartindo lecturas cos seus fillos, narrando ou escoitando; poden axudar en buscas de información ou actuar como informantes orais de experiencias diversas.”

Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación 2011



As familias poden tamén colaborar coa biblioteca participando no deseño e realización dalgunhas actividades como:

- Hora do conto
- Lecturas compartidas
- Dramatización de contos
- Colaboracións co equipo da biblioteca escolar na atención fóra do horario lectivo ou no préstamo ás familias.

O poder dos álbumes

A través dos álbumes, os pequenos lectores poden coñecer os relatos e ilustracións de autores actuais que conectan cos seus intereses e as novas formas de percibir o mundo.

Relatos sinxelos, textos breves que incorporan palabras novas, que coidan a corrección e a beleza da linguaxe e que presentan historias curiosas ou divertidas coas que educar a sensibilidade artística, o sentido do humor e axudarlles a descubrir o pracer da lectura.

Unha boa selección de álbumes, feita coa orientación do profesorado da biblioteca escolar, é unha oportunidade para atopar lecturas satisfactorias para toda a familia. Os bos álbumes gardan mensaxes para grandes e pequenos e axudan a pais e nais na explicación de moitas situacións vitais, emocionais, difíciles de abordar sen esa intermediación.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Asesoría de bibliotecas escolares

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

Leer.es



Libros que van e veñen

Biblioteca escolar e comunidade educativa



As bibliotecas escolares contemplan nos seus programas algunhas actividades pensadas para implicar ás familias na formación dos nenos e nenas como lectores. As mochilas viaxeiras ou as pequenas mochilas destinadas ao alumnado de infantil, e que serven para gardar o libro que collen en préstamo na biblioteca para levar á casa, son dous exemplos destes **LIBROS QUE VAN E VEÑEN** e que vinculan á biblioteca coa casa, espazos privilexiados para iniciar aos máis pequenos na lectura.

Lectura en familia

Na vida diaria hai moitas ocasións para a lectura nas que os adultos atentos a este feito poden incorporar os máis pequenos: a lectura do xornal, dunha receita de cociña, do último correo electrónico, das etiquetas dos alimentos, da programación da televisión, dun libro de contos...



Aínda que as nenas e os nenos vaian gañando en autonomía e sexan quen de facer unha lectura propia, é bo continuar compartindo con eles esta actividade, acompañalos nun proceso (a incorporación do hábito á vida cotiá) que necesita tempo para a súa consolidación. A calquera idade resulta agradable escoitar unha lectura en voz alta.

Unha familia lectora será aquela que proporcione modelos de achegamento á lectura, que escollo os libros, o cine, o teatro, a boa televisión, videoxogos seleccionados, o mellor da rede... para o tempo de lecer; que conte historias, lea en voz alta, fale dos libros e películas, escoite música, visite exposicións, librerías e bibliotecas.

Unha casa na que se pode ler

Na casa é necesario crear un ambiente propicio á lectura. Os ambientes ruidosos non facilitan esta actividade, que require concentración e esforzo. A tranquilidade, o acougo e un certo silencio axudan a entrar nas historias e a emocionarse con elas. Consolas, televisión ou ordenador poden quedar para outros momentos.

O adulto como mediador de lectura:

- Ofrece a lectura como unha forma divertida de vivir o tempo de lecer
- Proporciona materiais de calidade que conectan cos intereses e cos gustos dos pequenos lectores.
- Actúa como modelo
- Comparte as lecturas cos nenos e nenas
- Está atento ao ritmo e ás necesidades do novo lector.
- É cómplice da nena, do neno, na busca e no goce da experiencia lectora.
- Le en voz alta aos pequenos e fala dos libros con eles.
- Nunca impón a lectura como sanción.



As bibliotecas poden ofrecer:

- Un espazo reservado ás familias: o recuncho dos pais e das nais.
- Unha sección de materiais seleccionados segundo os intereses de nais e pais.
- Programa de mochilas viaxeiras
- Actividades de lectura compartida
- Acceso a Internet
- Recursos electrónicos seleccionados
- Orientación sobre lecturas
- Guías de lectura, recomendacións de lecturas, cine, música,...
- Club de lectura, faladoiros, tertulias.
- Cinefórum



- Obradoiros específicos (como ler un conto, como contar un conto...)
- Actividades como "Lemos xuntos" (Sanxenxo), para apoiar os vínculos familia—escola e lectura.

